



**CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro, 1  
36995 Poio  
Pontevedra

Tel.: 986 770 001  
Fax: 986 771 277  
[www.concellodepoio.gal](http://www.concellodepoio.gal)

**NOTIFICACIÓN**

Pola presente comunícolle que con data 21 de xuño de 2019 o Sr. Alcalde ditou a Resolución que transcribo literalmente deseguido:

**"RESOLUCIÓN**

Constituída a nova corporación local con data 15 de xuño de 2019, considerando que debe garantirse un funcionamento áxil da organización, pola presente e en virtude das facultades conferidas polos arts 21 e 23 da Lei 7/1985; 61, 62, 63 e 65 da Lei galega 5/1997 e 41, 43 a 47 e 52 do RD 2568/1986, RESOLVO:

**Primeiro.-** Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes Srs/as Concelleiros/as:

- 1ª Tte de Alcalde: D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores
- 2º Tte de Alcalde: D<sup>a</sup> Silvia Díaz Iglesias
- 3º Tte de Alcalde: D<sup>a</sup>. Margarida Caldas Moreira
- 4º Tte de Alcalde: D. Xosé Luis Martínez Blanco
- 5º Tte de Alcalde: D. Gregorio Agís Gómez

**Segundo.-** Nomear como membros da Xunta Municipal de Goberno aos devanditos Srs/as Concelleiros/as.

**Terceiro.-** A Xunta Municipal de Goberno celebrará sesión constitutiva nos 10 días seguintes ao desta resolución, segundo o art. 112 do RD 2568/1986, celebrando sesión ordinaria todos os martes, ás trece horas (13.00).

**Quinto.-** Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre, dar traslado dela aos nomeados e publicala no BOP, sen prexuízo do seu carácter executivo desde o día seguinte ao do presente decreto, así como dar conta da mesma á Xunta Municipal de Goberno na sesión constitutiva desta para a súa aceptación e cumprimento.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde en Poio a vinte e un de xuño de dous mil dezanove.

Asdo.: O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. Asdo.: A secretaria Paula E. Ramos Díaz”.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos oportunos con indicación de que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por pór fin á vía administrativa contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015, de un de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente Recurso

Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 124.2 da antedita Lei 39/2015, de un de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da Lei 39/2015, de un de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

**Poio, na data da sinatura dixital á marxe**